

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES CHAPELA
CURSO: 2º BACHARELATO
MATERIA: LATÍN
DEPARTAMENTO: LATÍN
DATA: 14 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación

Estándar de aprendizaxe

TODOS OS ESTABLECIDOS NA PROGRAMACIÓN DO INICIO DO CURSO

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: 1. Observación directa e supervisión sistemática do traballo diario na clase. 2. Análise das producións dos alumnos/as. 3. Uso de probas específicas (controis/exames)
	Instrumentos: Posta en común dos coñecementos. Intervencións. Respostas. Caderno de clase. Traballos de aplicación e síntese. Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva. Cuestionarios abertos. Cuestionarios pechados.
Cualificación final	<p>1. MEDIA PONDERADA DAS DÚAS PRIMEIRAS AVALIACIÓNS (con proporcionalidade referida á programación didáctica do inicio do curso)</p> <p>a) 1ª avaliación: 32,5 % b) 2ª avaliación: 67,5 %</p> <p>2. PUNTUACIÓN ADICIONAL para o 3º TRIMESTRE (CONTEXTO de Estado de Alarma): + 1 punto (Nota Bene: seguindo o espírito da programación didáctica presentada ao principio do curso e dado que o rexistro da nota final debe consignar, por imperativo legal, un so díxito, unha cualificación final cun decimal entre 0 e 9 resultará a cifra enteira inmediatamente inferior, é dicir, se un alumno acada unha puntuación de 4,9, a nota final será de 4, se ten un 8,9, obterá un 8, etc.).</p> <p>Terase en conta, neste último trimestre ESPECIAL, a participación activa nas clases telemáticas, a cantidade e calidade das tarefas resoltas entregadas no tempo e na forma estipuladas polo docente, ademais dos controis regulares e de tempo limitado que se realicen.</p>
Proba extraordinaria de setembro	A indicada na programación inicial do curso (sempre e cando a situación sanitaria o permita)
Alumnado de materia pendente (NON É O CASO)	Criterios de avaliación: Non procede
	Criterios de cualificación: Non procede
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non procede

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Repaso, reforzo e, sobre todo, ampliación
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Dado que todo o alumnado dependente deste departamento dispón dos medios electrónicos e a capacidade de conexión via Internet necesarios, seguirase unha metodoloxía baseada en clases telemáticas regulares, proposta de tarefas, recollida de produtos e feedback individualizado.
Materiais e recursos	Aplicacións dixitais: Cisco Webex Meetings, Discord (conexión permanente co alumnado), WebSite específico para información, planificación e repositorio de materiais, diversos sitios na Internet para exercicios varios, software de pizarra dixital interactiva (Notebook de Smarttechnologies) e carpeta Drive para recopilación das producións dos estudantes. No caso de volver ás clases presenciais antes da data da avaliación final e debido a que todas as alumnas teñen o propósito de presentarse ás probas da ABAU, realizaríanse exames seguindo o formato destas.

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Sitio web creado especificamente para o curso. Eventualmente poderase empregar a vía telefónica, a video-conferencia e/ou o correo-e.
Publicidade	Páxina web do centro.